

17. SALÓN DO COMIC E ILUSTRACION

¡DE CANGAS!



18 AO 24 DE XULLO

14º CERTAME DE COMIC DE CANGAS

1. Dirixido a **xoves artistas non profesionais** de ata 35 anos cumpridos dentro do ano 2016.
Establécense as seguintes categorías:
CATEGORÍA A: de 18 a 35 anos
CATEGORÍA B: de 14 a 17 anos
VIÑETA XOVE: menores de 14 anos
2. Os traballos serán orixinais con textos en galego, de creación propia e inéditos, non debendo ter sido premiados en ningún outro certame ou concurso.
Tema e técnica libre (cor ou branco e negro) en formato **DIN A-4 (210 mm x 297 mm)**. A extensión será de **4 páxinas para as categorías A e B**, e de **2 a 4 páxinas para o Premio Viñeta Xove**.
3. A presentación das obras pode facerse de xeito individual ou conxuntamente entre guionista e debuxante, e poderán presentar tantas obras como desexen sempre na categoría correspondente.
Cada autor tan só optará a un dos premios.
4. Os traballos deberán ser presentados polo sistema de plica (en sobre pechado aparte, no seu exterior figurará o título ou lema e categoría na que participa. No seu interior figurará: título ou lema, fotocopia do DNI, enderezo e teléfono de contacto).
5. **Os traballos deberán ser presentados antes do 30 de xuño do 2016** na Casa da Xuventude do Concello de Cangas (Rúa Real, 29_36940-Cangas_Pontevedra).
6. Establécense os seguintes premios:
CATEGORÍA A: PREMIO 500 €
CATEGORÍA B: PREMIO 200 €
VIÑETA XOVE: PREMIO 100 €
7. A organización non se responsabiliza de posibles roturas ou extravíos das obras, que serán obxecto dunha exposición durante o **17º Saló do Cómic de Cangas** (18 ao 24 de xullo).
8. O xurado, presidido polo Concelleiro-Delegado de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, estará composto por persoas cualificadas neste campo artístico, 3 debuxantes, 1 técnico de cultura, recaendo a secretaría na técnico responsable de xuventude. O xurado poderá declarar deserto calquera destes premios.
9. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas.
10. As bases serán publicadas na web do Concello de Cangas, no Facebook de mocidade e a través da prensa local.
11. A participación implica a aceptación destas bases.

Cangas, 1 marzo 2016

CONCELLERÍA MOCIDADE E VOLUNTARIADO



Concello de Cangas

Concellería de Mocidade e Voluntariado